

MATEMÁTICAS

PROFESOR: RAÚL VEIGA GONZÁLEZ

Hai habilitado un curso na aula virtual á que poden acceder tanto como "convidados" ou con usuario/contrasinal .Aí teñen todo explicado. Poden ver as solucións ao boletín enviado a través da web do instituto e xa comezamos co el tema seguinte. Hai un foro para dúbidas, ademais do mail de contacto (raulmaticascanido@gmail.com).

A materia vista e non avaliada, ata o 13 de marzo, que era resolución de problemas con ecuacións, entrará na terceira avaliación, xunto coa resolución de ecuacións.

PROFESORA: PAULA MÉNDEZ PORTO

Na aula virtual, onde poden atopar traballo diario, referencias ao libro de texto, apuntes, boletíns de exercicios, vídeos, tarefas para entregar, foros (onde poden preguntar dúbidas ou calquera cuestión que lles preocupe).

Os contidos que avaliaremos na terceira serán: Ecuacións, problemas de ecuacións e os novos temas que veremos a través da aula virtual.

Se por calquera circunstancia persoal, algún no puidera acceder de maneira habitual á aula virtual, poden poñerse en contacto a través do correo electrónico:

paulamendez@edu.xunta.es.

XEOGRAFÍA E HISTORIA

PROFESORA: ANA TRASTOY CUBA

Hai habilitado un curso na aula virtual á que poden acceder tanto como "convidados" ou con usuario/contrasinal.

A parte de historia está xa avaliada. Seguiremos coa programación , xa comezamos a xeografía e continuaremos co Tema 2 na terceira avaliación.

Para dúbidas: anatrastoy@gmail.com

LINGUA GALEGA

PROFESOR: HENRIQUE DACOSTA LÓPEZ

Con respecto aos contidos impartidos xa e que non foron examinados, considéranse avaliados. Quérese dicir, formaron parte da segunda avaliación e dounos por terminados.

A terceira avaliación, por tanto, comezará limpa, a partir do tema 8.

BIOLOXÍA

PROFESORA: CARMEN LEIRA AMBRÓS

3ª avaliación: Comezamos a partir do tema 8, seguiremos o libro. Na aula virtual aparecerá a temporalización, información, actividades, enlaces, vídeos, tarefas e probas.

Despois da semana santa empézanse a abrir os test e as actividades durante uns días.

Hai un foro para poñerse en contacto coa profesora con facilidade.

OBRADOIRO DE MÚSICA

PROFESORA: MARTA RAMIL FERREIRO

Os contidos dados na 2ª avaliación, dos que os alumnos non foron avaliados, non serán avaliados tampouco no 3º trimestre.

Ao ser unha clase eminentemente práctica, cunha avaliación continuada das actividades feitas na aula, e debido á imposibilidade de facelo dese xeito, as tarefas da 3ª avaliación entregaranse usando o correo dos alumnos e a Aula Virtual. Se tivesen problemas co acceso ás actividades a través destas canles, coordinarei co titor outros métodos posibles para que estean todos ao día.

LINGUA CASTELÁ

PROFESORA: ANA MARÍA ACCIÓN CARNERO

En Lingua Castelá todos os contidos vistos no segundo trimestre están avaliados.

PROFESORA: CARMEN ARMESTO GURDIEL

Veremos o tema 7 (excepto as páxinas dende a 110 á 113) e o tema 8 (excepto as páxinas dende a 126 ata a 129) para a terceira avaliación.

Exclúo as páxinas de sintaxe. Dou por avaliado o tema 6, explicado e traballado na aula.

MAQUETISMO

PROFESORA: MARÍA JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ

Os contidos da segunda avaliación quedan como xa avaliados.

Terán tarefas para realizar na aula virtual na 3ª avaliación e se teñen algunha dúbida poden poñerse en contacto neste correo: tecnologiacañido@gmail.com

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

PROFESOR: JOSE LUIS GONZÁLEZ ALONSO

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Láminas propostas máis os comentarios incluídos nelas ata o 60% da nota.

- Actitude ante a materia: Entrega puntual, acabado, limpeza etc. 10% da nota.
- Resumos de temas propostos polo profesor (non vale a ordenador) 30% da nota.

FRANCÉS

PROFESORA: MARCELA RÍOS GRUEIRO

O exame previsto para o venres 13 de marzo realizarase durante a terceira avaliación cos mesmos contidos (unidades 0-4). Fixarase unha data despois da volta ás clases.

O exame oral da 2ª avaliación queda anulado. Os contidos sumaranse ao exame oral da terceira avaliación.

PORTUGUÉS

PROFESOR: ALBERTO FERNÁNDEZ DÍAZ

Non vou avaliar o alumnado de Portugués nesta 2ª avaliación, xa que non tenho datos para facelo. Tinha fixada a data do exame escrito e o exame oral de portugués da 2ª avaliación nos días que nos vimos obrigados a permanecer confinados. Polo tanto os contidos vistos no segundo trimestre serán avaliados no momento que for posíbel ao regresarmos ás aulas.

O alumnado non debe preocuparse polo exame ao regreso, xa que buscaremos unha data conveniente e unha fórmula de avaliación que sexa satisfactoria para todos e todas.

INGLÉS

PROFESORA: CARMEN BLANCO PÉREZ

Os contidos da segunda avaliación quedan como avaliados.

As solucións aos exercicios aparecerán na aula virtual .

EDUCACIÓN FÍSICA

PROFESOR: ALFREDO RODRÍGUEZ PÉREZ

Está subido todo o material, só quedaría a elaboración de dous ou tres vídeos sobre os deportes da 3ª avaliación.

En breve subirei instrucións á aula virtual. Faltoume dar a unidade de esgrima que pasa á 3ª avaliación (xa está a ficha na aula virtual).

No meu caso, teñen todo o trimestre para envialas, non son semanais.